

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. POETA DÍAZ CASTRO

CURSO: 2º BACHARELATO

MATERIA: Historia da Filosofía

DEPARTAMENTO: Filosofía

DATA: 30/04/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da Historia da Filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.
	HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.
	HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.
B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.	HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia.
	HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns
B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.	HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.
	HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.
	HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados

	na historia da filosofía.
B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos.	HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. para o desenvolvemento dos traballos
	HFB 1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise de textos. - Expresión escrita. - Participación en debates.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de probas escritas (análises de textos, disertacións) - Participación nos chats grupais da Aula Virtual.
Cualificación final	<p>Alumnado coa 1ª e 2ª avaliacións superadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media aritmética das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª Avaliacións. Esta cualificación poderá verse mellorada ata un máximo de 2 puntos en función da participación, conexión e realización de tarefas durante esta terceira avaliación. <p>Alumnado con algunha ou as dúas avaliacións anteriores suspensas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A conexión regular, participación activa e a realización das tarefas propostas polo profesor nos distintos temas da Aula Virtual (aproximadamente 1 actividade semanal) terán o valor de recuperación para este alumnado, sempre e cando se constate esa conexión, esa participación e a entrega das devanditas tarefas (todo elo contrastable no propio rexistro da Aula Virtual).
Proba extraordinaria de setembro	<p>En principio, e de non haber instrucións noutro sentido, a proba extraordinaria de setembro consistirá na realización dun comentario de texto dalgún dos autores tratados durante o curso e o desenvolvemento dunha cuestión de entre as desenvolvidas no transcurso de este curso e propostas como tópicos pola CiUG.</p>
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p> <p style="text-align: center;">NON HAI ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Todas as actividades a desenvolver neste terceiro trimestre estarán dirixidas ao repaso, reforzo e profundización das unidades traballadas nas anteriores (1ª e 2ª) avaliacións. Ao mesmo tempo, estas actividades servirán, para o alumnado que así o necesite, como recuperación desas mesmas avaliacións - Análise de fragmentos de textos nomeados dos máis destacados pensadores que aparecen na programación. - Elaboración de disertacións sobre temáticas destacadas que xurden a partires do estudo da historia da filosofía.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión conxunta do grupo a través das actividades “Conversa” da Aula Virtual. Para cada autor traballado, se abrirá unha conversa da que queda rexistro na propia Aula, o que facilitará ao alumnado volver noutro momento sobre o dialogado no nesa reflexión conxunta. - Realización de comentarios de texto a través da Aula Virtual, previa reflexión conxunta na “conversa” correspondente, e tendo dispoñibles a “guía de corrección” e a “rúbrica de corrección”, segundo sexa o caso. - Realización de disertacións a través da Aula Virtual, sobre temáticas suxeridas polo estudo dos distintos autores/as da historia da filosofía e tendo dispoñibles a “guía de corrección” e a “rúbrica de corrección”, segundo sexa o caso.
Materiais e recursos	<p>Todos os materiais necesarios están a disposición do alumnado na Aula Virtual do IES POETA DÍAZ CASTRO.</p> <p>Ademáis se suxiren na propia Aula outros materiais, recursos e fontes de información complementarias.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Servizo de mensaxería da aplicación ABALAR MÓBIL- Correo electrónico ao alumnado.- Publicación na Aula Virtual do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.